



## **Calendario de admisión á Formación Profesional Básica para o curso 2020/21**

### **Prazo de presentación da solicitude de admisión:**

Desde o día 1 de setembro ata as 13:00 horas do día 11 de setembro.

### **Listaxe do alumnado admitido e non admitido: 14 de setembro.**

Reclamacións: 14-15 de setembro.

### **Matrícula do alumnado admitido:**

Mantemento de vehículos: 16-17 de setembro

Xestión administrativa: 18-21 de setembro.

### **Documentación requirida:**

**Anexo I:** Formulario de solicitude de admisión\*.

**Anexo II:** Consello orientador emitido polo centro.

**Anexo III:** Consentimento cuberto e asinado por calquera dos/as titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio destes, asinado por ambos.

**Anexo IV:** Comunicación de incorporación á formación profesional básica.

**DNI do solicitante.**

\*A solicitude deberá ser asinada pola persoa solicitante. Se é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio destes, sinatura de ambos os proxenitores ou resolución xudicial correspondente para o que o centro educativo a cotexe.

### **Procedemento de admisión:**

*Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, de existir maior número destas que postos escolares dispoñibles, asignaranse as prazas conforme os seguintes criterios de prioridade:*

- a) Alumnado que cursase 2º de ESO.*
- b) Alumnado que cursase 3º de ESO.*
- c) Alumnado que cursase 4º de ESO.*

*Dentro de cada grupo, ordenarase de menor a maior idade.*

*Logo de que se atendan todas as solicitudes de matrícula, incluídas as remitidas pola comisión de escolarización, de quedaren prazas vacantes, poderanse completar os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:*

- a) Que teñan 17 anos e non estivesen escolarizadas no curso escolar anterior, ou que teñan 18 ou 19 anos, ou que fagan 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo.*
- b) Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.*

### **Prazas ofertadas para cada modalidade:**

Mantemento de vehículos: 18 (2 reservadas para solicitudes por discapacidade).

Xestión administrativa: 18 (2 reservadas para solicitudes por discapacidade).